

Comentarios no blog do ies Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. **Ambulancia** foi unha novela que me causou momentos moi intrigantes durante a lectura. A súa temática é moi parecida á do outro libro de Suso de Toro, *Polaroid*. A diferenza básica entre ámbolos dous está en que o primeiro narra unha historia con moita máis consistencia mentres que o segundo son varias historias que se relacionan entre si. As semellanzas atópanse no ton no que falan os seus personaxes, así como o vocabulario, os ambientes marxinais nos que estes se atopan, etc. Das dúas novelas gustoume máis *Polaroid*, aínda que a miña puntuación cara as dúas sería case a mesma. En canto aos personaxes o que máis me chamou a atención foi o policía, xa que tan desesperante lle parecía a súa vida que se amosaba corrupto e era tan capaz de axudar a un criminal coma de facerse cómplice dun asasinato e de cometer un dobre para escapar. Pareceume unha persoa sen sentimentos, e, quizais sexa o que máis mágoa me deu. O Petete pareceume un home parvo e sen intelixencia, así como ignorante e con moitos prexuízos e teimas, que se deixa engaiolar por calquera. Por último, o mafioso que aparece en todas as películas carece de interese para min. **(Enma)**

2. Este é un libro que me pareceu bastante entretido, porque hai momentos nos que consegue manter a intriga durante o relato; o que pasa é que para o meu gusto a historia non ten demasiado contido, e é bastante previsible, en xeral, excepto neses momentos. É un libro moi fácil de ler, e dáme mágoa o protagonista, porque o pobre sempre acaba mal, e, aínda que non queira facer mal as cousas sempre acaba metido nalgún problema. Pareceume increíble que un policía poida chegar a facer as cousas que fai o da novela, aínda que supoño que, coma no resto das personaxes, o seu pasado está presente na súa vida actual, e non pode evitar facer o que fai. Para rematar, é un libro que non está mal para ler e pasar un bo rato, aínda que a historia non teña moito sentido. **(Clara)**

3. Este libro gustoume, xa que ten intriga e a narración é lineal, as accións desenvólvense unha tras outra. Por outra banda, penso que ás veces pode chegar a ser un pouco pesado, pois trata durante moito tempo o mesmo tema. En canto á súa estrutura, componse de tres capítulos e catro subcapítulos co nome de "estaba visto". A historia comeza co atraco dos dous personaxes principais. Un deles, "Pequeno" é o líder dos dous, aínda que fai as cousas sen pensar, o outro "Petete" mostra unha dobre personalidade ademais de ser inseguro e de arrepentirse de ser cómplice no atraco. A novela é dialogada na súa maior parte, grazas ao cal podemos coñecer os personaxes, ademais disto, tamén abunda a narración, na que se describen paisaxes e situacións. Na miña opinión, mostra un punto de vista un tanto entraño ao final, pois podemos atopar que os veciños defenden ao inspector Maquieira, considerándoo como un líder e incluso como un heroe, referíndose a este como: "pobre Maquieira o que lle pasou", pois consideran que todas as masacres que fixo foron por seguridade do pobo. **(Paula)**

4. Este libro gustoume máis pola temática que pola forma de contalo, pero gustoume en xeral. Gustoume a temática porque non é dos típicos nos que sempre gañan os bos e nos que os que fan delitos ao final do libro están no cárcere. Sobre todo gustoume a temática porque dá xiros inesperados, por exemplo, cando Petete cre que un policía pillou ao seu compañeiro e logo este aparece dicíndolle que era un garda do aparcamento. Non me gustou a forma que ten de contalo porque é como demasiado inocente, aínda que o autor se disculpa de que o libro teña esta visión no prólogo do libro. O que si me gustou da forma de contalo son as partes tituladas "Era visto", porque actúan como conector para as tres historias. Non houbo parte que máis me gustase xa que me gustou todo o libro, tanto a primeira historia (que é como a principal) como as outras dúas. Paréceme un libro moi realista. **(Teresa)**

5. A verdade é que o libro gustoume moito aínda que cando comecei a lelo perdínme un pouco coa forma de contar a historia do autor, cando intercalaba as diferentes historias. Chamoume a atención o personaxe Petete, xa que a verdade é que tiña moi mala sorte ou moita imaxinación con respecto á súa situación, que cada vez se lle complicaba mais do debido, e as cousas que cría ás veces non eran certas. Unha cousa que me chamou a atención da novela foi cando Maquieira decide matar a ... sabendo que lle gusta tanto e que ela nese momento aceptara ser a súa escrava se lle axudaba co cadáver de ... Non me esperaba isoe. Tamén boto de menos algún capítulo máis. A verdade é que non entendín moito o final. Espero lerre cando rematen os exames Polaroid xa que mo recomendaron. Espero que me guste tanto ou máis que esta obra. Nota numérica: 9. **(Silvia)**

6. É un libro composto por tres historias que están relacionadas entre si. A primeira, que é a historia principal e ocupa a meirande parte do libro, foi narrado por unha personaxe omnisciente, que a súa vez forma parte da mesma novela. Chamoume moito a atención o comportamento de Petete, que aínda que cometeu delitos

penso que prefire ter unha vida normal e está un pouco arrepentido. O libro non me gustou moito porque o seu tema pareceume un pouco aburrido e, ademais, non é unha novela moi interesante, pero, de todos os xeitos, está ben para matar o tempo, xa que ademais emprega un vocabulario fácil de entender (**Xiling**)

7. Este libro pareceume moi entretido e moi doado de ler: as accións sucedense unhas tras outras, é conciso, cun léxico sinxelo e breve. Ademais, mantén a intriga dende o comezo ata o final. O personaxe que máis me chamou a atención foi o "Petete". Este é como o segundón do grupo e o que sempre leva a culpa por todo o que "O Pequeno" fai. En moitas ocasións, as consecuencias non recaen sobre quen deberían. Tamén me sorprende o rol que xoga o policía (Maquieira), que finalmente mata a ... Pareceume un home sen escrúpulos. Non entendo como a xente do pobo defende o inspector Maquieira, considerándoo como un líder e sentindo mágoa por el, xa que consideraban que todas as masacres que fixo foran polo ben dos veciños. Por outra banda, gran parte da orixinalidade deste libro débese ao vocabulario co que os personaxes se expresan. Este depende da súa condición social xa que, por exemplo, os protagonistas móvense nun ambiente marxinal. Para finalizar, gustárame destacar que se trata dun libro moi realista. A historia é completamente verosímil. (**Carmen**)

8. Este libro en xeral gustoume moito xa que relata unha historia moi orixinal e intrigante. Neste libro chamoume a atención varias cousas entre elas a personalidade de Petete xa que combina actos delitivos con pensamentos de arrepentimento aínda que despois acaba por facer cousas peores en actos que van encadeados. Outro personaxe que vale a pena destacar é o policía xa que é un policía moi corrupto e pensa que ten o poder de facer o que queira. Neste libro recalcase a idea de que cada un ten que ir ao seu e non axudar a os demais e moito menos en actuacións delitivas. Para finalizar, o libro pareceume que está moi ben escrito xa que durante a súa lectura mantén ao lector nunha certa tensión. (**Paula**)

9. *Ambulancia* pareceume una novela moi interesante, que comprende un vocabulario sinxelo e que conta a historia dun xeito doado. Ao contrario de "Polaroid" que é unha novela que me pareceu moi aburrida. Esta novela relata a historia de dous mozos delinquentes que despois de saíren do cárcere seguen cometendo delitos. Ao longo da historia relátanse vivencias dos personaxes, descríbense espazos e situacións vividas polos dous protagonistas. Recomendolle esta novela a calquera persoa, que aínda que non lle guste ler, coma min, resulta interesante e entretida. (**María**)

10. O libro non me gustou porque era moi difícil de entender; o que máis me chamou a atención era o can que seguía a todos lados a un dos delinquentes. Impactoume o final cando o policía mata a dous persoas porque de certo modo sentiase rechazado. (**Tania**)